

INCENTIVOS Á CREACIÓN MUSICAL: **ESTREA**
DE OBRAS ORQUESTRAIS, DE CÁMARA E OUTROS FORMATOS DE CONCERTO

2018

fundación sgae



NORMAS XERAIS

A **Sociedade Xeral de Autores e Editores** e a **Fundación SGAE** ratifican o seu firme propósito de apoiar a actividade creativa dos seus asociados, establecendo uns incentivos á creación vinculados á composición e á estrea de obras de música orquestrais, de cámara e outros formatos de concerto, cuxa concesión se rexerá por estas normas.

I REQUISITOS

Os incentivos á creación concederanse aos autores de obras orixinais unicamente pola estrea absoluta destas. As obras poderán ser **composicións para orquestra sinfónica, agrupacións de cámara, instrumentos a solo, para voz ou agrupacións corais (con ou sen acompañamento), dramático-musicais (óperas, zarzuelas e ballets), electroacústicas e para banda sinfónica de música clásica** (quedan excluídas as obras de carácter folclórico-popular), e deberán ter as seguintes características:

1. Respecto ao autor

O autor ou, cando menos, un dos coautores da obra deberá ser membro estatutario da SGAE.

2. Respecto á obra

A obra deberá:

- Ser orixinal do autor, sen lugar a revisións, versións nin instrumentacións posteriores realizadas por el mesmo ou terceiros, ou de obras preexistentes doutros autores, excepto no caso de que se empreguen a modo de “citas” propias ou de terceiros, debidamente acreditadas na partitura e sempre nunha porcentaxe mínima respecto da totalidade da obra.
- Ter unha duración non inferior a cinco minutos.
- Estar inscrita no rexistro da SGAE.
- Pertencer a algún dos xéneros anteriormente citados.
- Axustarse aos parámetros propios e convenientes de cada xénero convocado nos requisitos.
- As partituras deberán presentarse cun nivel de edición, paxinación e lexibilidade adecuado e habitual na profesión, e deberán indicar claramente o padrón instrumental. Nos casos de obras electroacústicas que non contén con partitura, deberá achegarse obrigatoriamente o soporte de audio correspondente á creación.
- Naqueles casos en que sexa posible recoméndase que nas obras apareza o nome ou as letras iniciais da persoa ou evento a que vai dedicada a obra, se procede; e se esta foi consecuencia dunha encarga suxírese a mención da persoa ou entidade que a solicitou.
- Presentar un nivel de calidade suficiente de contido e oficio, a xuízo da Comisión Avaliadora.

3. Respecto da estrea

- Enténdese por estrea absoluta a primeira execución pública e en directo da obra. Non se considerará estrea a súa gravación fonográfica nin a súa radiodifusión.
- Unha vez transcorridos dous meses desde a estrea da obra, non se admitirán solicitudes de incentivos á creación.

4. Respecto do local da estrea

- Soamente poderán aspirar á concesión de incentivos as obras estreadas naqueles locais que acrediten ou xustifiquen a suficiente continuidade, prestixio e tradición na programación de obras comprendidas nos requisitos, sen detrimento do seu obxectivo, contido e comunicación artística.
- Para evitar calquera exclusión involuntaria de obras estreadas en locais distintos aos expostos anteriormente, ou aqueles que se poidan producir en territorios considerados estranxeiros respecto do lugar de residencia do autor ou da sede SGAE e as súas delegacións, será preciso que se anexe un documento da organización que estreara a obra e toda da documentación complementaria que se considere procedente e poida acreditar a importancia do evento ou local da estrea ante a SGAE e a Comisión avaliadora.

II NON PODERÁN OPTAR A INCENTIVOS Á CREACIÓN

1. As orquestracións, arranxos e instrumentacións de obras preexistentes.
2. As bandas sonoras de obras cinematográficas ou audiovisuais, ou calquera clase de música incidental non especificada no apartado I destas normas.
3. As obras de carácter didáctico ou pedagóxico.
4. As partituras nas que o predominio das improvisacións poida condicionar excesivamente a valoración artística da obra no seu conxunto por parte da Comisión avaliadora.
5. As obras que, despois de recibir un incentivo á creación, puidesen ser obxecto dunha segunda estrea unha vez sometidas a cambios na súa duración mediante engadidos ou supresións.
6. As obras das que algunha das súas partes fose parcialmente estreada ou recibise algún incentivo á creación, e cuxa totalidade fose estreada posteriormente.
7. Os autores que ao longo do último ano percibisen un incentivo á creación de obra sinfónica por encarga non poderán recibir un incentivo á estrea dunha obra no mesmo formato.

III FORMULACIÓN DE SOLICITUDES

1. Unha vez cuberto en calquera lingua oficial do Estado español ou en lingua portuguesa, o formulario de **Solicitud de Incentivos á Creación**¹ deberá ser presentado xunta un exemplar completo da partitura da obra perfectamente lexible e correctamente encadernada, ou xunta o correspondente soporte de audio (no caso de obras electroacústicas que non dispoñan de partitura), así como a xustificación fidedigna de que a obra foi estreada (programa de man oficial).
2. As solicitudes dirixiranse á Fundación SGAE ou, de ser o caso, ás sedes e delegacións xerais da SGAE.
3. A Comisión avaliadora poderá requirirle ao solicitante que achegue toda aquela documentación e informes complementarios que estime oportunos.
4. A documentación achegada polo solicitante pasará a formar parte do Arquivo Musical da SGAE por tempo indefinido.

IV CONSTITUCIÓN, MISIÓN E COMPETENCIAS DA COMISIÓN AVALIADORA

1. A concesión de incentivos á creación e estrea de obras será competencia exclusiva dunha Comisión avaliadora.
2. A **Comisión Avaliadora para a Concesión de Incentivos á Creación e Estrea de Obras** estará integrada por catro membros máis un Presidente, con voto dirimente. O Presidente será un membro da Xunta Directiva da SGAE ou un membro do padroado da Fundación SGAE. Os outros catro membros poderán ser socios da SGAE sen cargo nos órganos representativos da SGAE e a Fundación SGAE, intérpretes e directores de orquestra de recoñecida traxectoria e/ou membros dos Consellos Territoriais da SGAE. Ningún membro da Comisión Avaliadora poderá ser solicitante destes incentivos á creación.
3. A Comisión será convocada polo director xeral da Fundación SGAE, traballará na súa sede social e será considerada para todos os efectos como calquera outra comisión regulamentaria da Fundación SGAE.
4. A Comisión avaliadora manterá reunións anuais únicas, ao longo dun máximo de tres sesións en días consecutivos, durante os meses de marzo ou abril. Naqueles anos en que o volume de obras presentadas o precise, a Comisión avaliadora poderá estender o horario das súas sesións de traballo ou habilitar unha sesión extra.
5. Nestas reunións a Comisión avaliadora analizará as solicitudes recibidas que, cumprindo co establecido nestas normas, correspondan a estreas de obras realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano precedente.
6. A Comisión avaliadora será soberana e inapelable nas súas decisións.

¹ A disposición dos interesados nas páxinas web www.sgae.es e www.fundacionsgae.org.

V CUALIFICACIÓN, CLASIFICACIÓN, COTA, DOTACIÓN E PAGAMENTO DOS INCENTIVOS

1. Para os únicos efectos de concesión destes incentivos, as obras clasificaranse en:

A. Obras de gran formato:

- Obras de carácter sinfónico: para orquestra, para coro, para orquestra e coro, ou desenvolvidas con procesos mixtos que inclúan medios electroacústicos.
- Obras dramático-musicais (óperas, zarzuelas e ballets).

B. Obras de formato regular:

- Obras de carácter camerístico en xeral: para instrumentos a solo, para agrupacións de cámara instrumental ou vocal (con ou sen acompañamento), para orquestras de cámara ou obras desenvolvidas con procesos mixtos que inclúan medios electroacústicos.
- Obras dramático-musicais con modelos instrumentais camerísticos (óperas de cámara, zarzuelas en formato de cámara e ballets).

C. Obras para banda sinfónica de música clásica:

- Aquelas obras de carácter sinfónico escritas para bandas profesionais de música clásica (quedan excluídas as obras de carácter folclórico-popular).

No caso de que exista controversia sobre a cualificación e clasificación da obra para a concesión dos incentivos, a Comisión Avaliadora determinará en última instancia dita cualificación e clasificación, tendo en conta a agrupación musical que realizase a estrea da obra.

2. Concederanse anualmente ata 30 incentivos á creación de obras de gran formato, ata 70 incentivos á creación de obras de formato regular e ata 10 incentivos á creación de obras de música clásica para banda sinfónica.
3. A Comisión avaliadora reserva para si o dereito de non cubrir na súa totalidade a mencionada cota de concesións, xa sexa por incumprimento ou ausencia dun ou varios dos requisitos formais e/ou de contidos esixidos nestas normas ou por falta de calidade das obras que se presenten.
4. O incentivo para cada unha das obras de gran formato será de **mil cincocentos euros** (1.500 €), para cada unha das obras de formato regular será de **cincocentos euros** (500 €) e para cada unha das obras de banda sinfónica será de **novacentos euros** (900 €).
5. Os incentivos satisfaceranse sen ningún desconto en concepto de gastos de administración e serán obxecto da retención correspondente do IRPF ou do imposto equivalente do país que corresponda, de acordo coa lexislación vixente.
6. O importe do incentivo será acreditado de acordo co rexistro da obra existente na SGAE. No caso de que o rexistro reflectise a participación de autores non socios da SGAE, soamente se satisfará aquel aos membros estatutarios da SGAE na proporción que lles corresponda sobre o total do incentivo. A porcentaxe dos non membros reservarase ata o 31 de decembro do ano en que se concedese o incentivo. Se transcorrido o dito período o interesado non formalizase a súa solicitude de ingreso na SGAE, a cantidade correspondente reverterá nos fondos da Fundación SGAE.

VI MODIFICACIÓN DAS NORMAS

A Comisión avaliadora poderalle propor ao padroado da Fundación SGAE as modificacións normativas que considere oportunas, aínda que a competencia plena nesta materia é exclusiva do padroado da Fundación SGAE.

VII JURISDICIÓN E FORO

Para a interpretación e resolución dos conflitos que puideran xurdir entre as partes como consecuencia desta convocatoria, ou dalgunha ou de tódalas súas condicións e das relacións por el reguladas, e con renuncia expresa a calquera foro que puidera corresponderlles, as partes sométense á xurisdición dos Tribunais e Xulgados de Madrid capital.

Entrega de solicitudes e materiais:

Fundación SGAE. Departamento de Música
Bárbara de Braganza, 7
28004 Madrid

Tel. (+34) 91 503 68 00

smoralg@fundacionsgae.org

informacion@fundacionsgae.org

www.fundacionsgae.org

Máis información nas sedes e delegacións xerais
da SGAE (www.sgae.es)

fundación sgae

